

venres **28** xullo

Polis tolos

Compañía Troula

19:00 h

lugar rúas de Betanzos

Forzu-2

Compañía Circo Chosco

21:00 h

lugar praza Irmáns García Naveira

sábado **29** xullo

Consiertasso na horta

Compañía Brais das Hortas

12:30 h

lugar adro de Santa María

Intempestiva

Compañía Elahood

20:00 h

lugar praza Irmáns García Naveira

Diábolo clasic metal

Compañía Hermanos
infoncundibles

21:00 h

lugar praza da Constitución



organiza:



Concello de
Betanzos

colabora:



Deputación
DA CORUÑA



domingo **30** xullo

Cantar con Luis

Luis Vallecillo

12:30 h

lugar adro de Santa María

Up!

Compañía Xabi Larrea

20:00 h

lugar praza Irmáns García Naveira

Hoxe sí!

Compañía Sempre arriba

21:00 h

lugar praza da Constitución



ENTRADA
DE BALDE

Polis tolos

Compañía Troula

19:00h

rúas de Betanzos

Os "Polis tolos" chegan a Betanzos!!!!

Estes policía encargaranse de poñer orde e respecto nas rúas, á súa maneira!!

Personaxes cómicos que basearán a súa animación na interacción constante con todos os peóns e peoas, á vez que publicitan e difunden a actividade que se desenvolverá no Festival.

Un pasarrúas divertido e vistoso para todas as idades!



90 min.

Forzu-2

Compañía Circo Chosco

21:00h

praza dos Irmáns
García Naveira

O humor e o absurdo son os fíos que tecen a trama dun espectáculo dun dúo de atletas, cómplices que se compenetran realizando trucos imposibles diante do público.

Risco, desastre, sorpresa e surrealismo crúzanse coa impecable técnica en forma de portés, acrobacias aéreas, malabares imposibles e lume.

Sempre en formato de clown, **Circo Chosco** realiza os seus impresionantes números escondéndose baixo a aparencia de superacróbatas, de grandes magos o de malabaristas matematicamente perfectos.



50 min.

venres **28**xullo



POLIS TOLOS



FORZU-2



Consiertasso na horta

Brais das Hortas

12:30h

adro da igrexa de Santa María

A Santa Compañía cantando un trap, unha avalancha de kiwis, unha pulga punk da praia de Liméns, un Soulman cantando cunha vasoira do váter ou un astronauta que vai á lúa cun queixo de Arzúa.

Un feixe de personaxes e de canción, de músicas diversas (reggae, ska, punk, hip-hop, rock, soul, trap...) para reivindicar con alegría e amor a vida e rebeldía da nosa horta.

Consiertasso na Horta é unha viaxe pola horta musical de Brais das Hortas, polas súas loucuras e fantasías.

Canción a canción, rego a rego, un feixe de personaxes nos levarán de paseo polos variados curtivos sonoros deste veterano e ecléctico músico.

As súas letras, acedas e profundas ás veces, lixeiras e divertidas noutras, van sempre ben abonadas de retranca e enxeño.

A música desta leira foi coidada ao detalle, buscando o equilibrio entre o tradicional e o electrónico, entre o punk e o chill-out, entre o trap e a regueifa.

Todo para amosar un irónico retrato da nosa sociedade, cunha fonda doce de esperanza no cambio sustentable co medio e con nós mesmas.



60 min.

Intempestiva

Elahood

20:00h

praza dos Irmáns
García Naveira

Elahood é unha compañía galega de danza urbana e creación contemporánea formada por Sabela Dominguez e Julia Laport no ano 2017.

A compañía aposta por visibilizar as danzas urbanas como un medio de expresión lexítimo na danza profesional, sosteñen unha visión artística clara e directa, caracterizada por unha linguaxe visual e musical cunha mirada cara a fora.

Intempestiva traslada as palabras de Xela Arias aos corpos de Elahood, nunha viaxe compartida coas audiencias, desde unha mirada feminina desbordada no movemento e na danza.

Intempestiva é a tempestade que nos avasalou de golpe e á que agora plantámoslle cara. A persoa dilúese na masa e perde a súa identidade.



20 min.

sábado **29** xullo

Diábolo clasic metal

Compañía Hermanos Infoncundibles

21:00

praza da Constitución

O concerto está a punto de comezar. Os excéntricos irmáns rematan de preparalo todo cunha calculada desorde, mais aínda queda unha dúbida: se Beethoven nacesse hoxe... sería rockeiro ou malabarista?

Efectivamente, eles tampouco o saben. Estamos unha vez máis diante unha estraña **mestura entre a música, o circo e o humor... sobre todo humor.**

Facendo chiscadelas a diferentes estilos (flamenco, clásico e rock) os seus protagonistas evolucionan con diferentes formas de entender os malabares, combinando un elevado nivel técnico con refinados gustos musicais (evidentemente, isto último o teñen escrito eles de si mesmos).



60 min.



CONSIERTASSO NA HORTA



INTEMPESTIVA



DIÁBOLO CLASIC METAL

Cantar con Luis

Compañía Luis Vallecillo

12:30h

adro da igrexa de Santa María

A historia de dúas nenas “Carme e Sara” ás que lles encanta a música e máis os contos e descubren, a través do seu pai, que os contos se poden cantar!.

Luis convídate a xogar, cantar e descubrir o mundo de fantasía dos “Contos Populares” no que todo é posible.

“Un espectáculo cheo de emocións, con contos que son cancións, música para xogar, bailar, cantar e soñar. Que? Anímaste a formar parte do seu coro?”



60 min.

Up!

Compañía Xabi Larrea

20:00h

praça dos Irmáns
García Naveira

Espectáculo de novo circo que toma o humor como base de partida, onde o absurdo, a comedia e a excentricidade toman un rol decisivo á hora de amosar as diferentes habilidades dun personaxe apaixonado, irónico e cheo de enerxía.

Cun ton provocativo e entre certo grao de loucura, improvisase con obxectos cotiáns e xógase cos límites da gravidade. Aproveitando a linguaxe de rúa como medio de comunicación co público preséntasenos un espectáculo divertido, visual, impactante e cheo de frescura.

Elenco: Xabi Larrea

Dirección: Gotzon Mugika



45 min.

domingo **30**xullo

Hoxe sí

Compañía Sempre arriba

21:00h

praça da Constitución

“Hoxe Sí!” Hoxe é o día, temos un triángulo por espazo de xogo, obxectos que soben, baixan e flotan no aire. Temos música, os temas e temóns da nosa vida, temos circo, un micro, temos ganas e moita actitude.

“Hoxe sí!” é un convite para xogar, gozar, soltarnos e desinhibirnos por un día, a vivir celebrando o momento presente. Porque a vida é agora. Un espectáculo en linguaxe clown con acrobacia aérea, e sobre todo moito humor.

Sempre arriba é a compañía de clown e circo na está que Marta Iglesias, artista multidisciplinar galega. En 2018 inicia a súa andaina en solitario creando e presentando os espectáculos “Oda ao Amor” (2018), “C’ est pas Possible” (2019) e “Hoxe Sí!” (2023) nos que gozo de usar o clown como elemento comunicativo combinándoo coa acrobacia aérea.



60 min.



CANTAR CON LUIS



UP!



HOXE SÍ